

Filipeco Loureiro Osuys

1985

A LENDA DOS ALENDEIROS\*

E así foi como dixeran  
os homes adéus, antre apertas,  
e adéus a raíña dixera,  
onda miuda de agarimo  
contra as costas da gamela.

E adéus o chan,  
xa derradeiro, mar  
máis cáseque  
que terra,  
e adéus a flor do toxo  
e os amarelos da xesta.  
E a raíña, calada  
no peirao e silandeira,  
cos seus ollos de silencio  
pronuncióu palabras vellas:

"Perto de vós a friaxe,  
a friaxe lonxe. Ninguén  
xamáis convosco. Alén  
de ningures, todo.  
Non sodes, estades.  
Pois estamos, non somos.  
Para a auga, a fonte.  
Os ollos que bágoas  
choraran, péchanse hoxe,  
enxoi tos."



A raíña, igrexa  
sen campás, rumbos  
abriu na terra, nas augas,  
no ar:

Anduriña  
no ceo, no océano  
arroaz, lobo viaxeiro nas fames  
do inverno

e máis do vran.

. . . . .

E os homes partiron ao país  
da diáfana luz, a distancia  
extrema. Deron as súas mans  
aos nños penedos,  
o lene asubío cantaron  
das noites de lenda.  
Deitáronse, cansos,  
e un soño mouro soñaron  
sen estrelas.

¿ Qué voo  
o corvo voara, sorriso  
estranho,  
faciana mentireira ?



O tépedo alento calóu,  
de súpeto,  
da madreselva, e paróu  
entón o lezto  
reptar da hedra, e a cala  
optóu ao ponto  
polo branco macilento,  
e, na praia,  
non quixo a barca vento  
que soplase, nen as ondas  
que despertase a súa es uma  
o embruxo do momento.

Qué silencio, como lago,  
sen máis bruido  
nen mareas que azúis  
hábitos, sospiros.  
Qué respiración de rosas  
e antreluces,  
corpos mecidos.  
Venus, follas  
cimbreantes do crepúsculo,  
oubeos antreouvidos.

E na oscura maxia foi  
daquel momento detido,  
cando dos corazóns dos homes  
adurmidos as lúas  
do soño deron saído  
nos sus beizos deitarse,  
brandas,

como bicos.



E a raíña baillóu fuxidas  
ao medo, e soavemente  
orvallóu caricias

e agarimos.

Follas de loureiro trouxo,  
para as súas pálpebras,  
e leite de figueira  
para os seus peitos sen latidos.

. . . . .

Arrecendía.

Ao mencer, as lúas  
fixeran cos abrentes  
futuros, raio e lóstrego, crins  
de cabalos inquedos.  
Os homes tiñan

-¡outravolta!-

a gorxa chea e estoupante  
da anterga ledicia do berro:

¡"Adiante, adiante"  
as gueivotas decían,  
e os cormoráns, "adiante",  
os paxaros todos,  
"adiante", nos ceos  
bravos, aos alendeiros!

⑥

\* ALENDEIRO - Daquel que xamáis fica nun lugar e vai sempre  
"alén de" terras, "alén de" mares, sempre.